



## 1. DATOS DA ACTIVIDADE

**NOME:** Introducción aos mercados de carbono

**CONVOCATORIA:** AUTONOMICO, 2ª convocatoria

**GRUPO:** Consellería de Economía e Industria

**ÁREA:** Consellería de Economía e Industria

<b>CUALIFICACIÓN:</b>	APROVEITAMENTO	<b>PLAN:</b>	F. FINALISTAS	<b>HORAS:</b>	25
<b>ADMINISTRACIÓN:</b>	AUTONÓMICA	<b>ESTADO:</b>	CONVOCADO	<b>ANO:</b>	2026
<b>MOD.IMPARTICIÓN:</b>	TELEFORMACIÓN	<b>TIPOLOXÍA:</b>	ESPECÍFICO	<b>EDICIÓNS:</b>	1

**DATA MATRÍCULA:** Do 05/06/2026 - 09:00h ao 11/06/2026 - 14:00h

## 2. DESCRICIÓNS

### DESCRICIÓN CURSO

Os mercados de carbono son instrumentos económicos estendidos internacionalmente para incentivar a redución de emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI), como o CO<sub>2</sub>, por parte dos distintos sectores de actividade produtiva. Neles, a unidade negociada equivale a unha tonelada de carbono equivalente (tCO<sub>2</sub>e). Estes instrumentos están en expansión e preséntanse como un compoñente esencial para a transición a unha economía hipocarbónica. O obxectivo principal é obter coñecementos sobre os mercados do carbono dentro do escenario de cambio climático no marco dos acordos mundiais e das regulacións da unión europea, do estado español e da comunidade autónoma de Galicia.

### DESTINATARIOS

Persoal ao servizo da administración xeral da comunidade autónoma de Galicia, das entidades públicas instrumentais e da administración institucional, dos grupos A1 e A2.

### PROGRAMA

Módulo 1. Introducción ao cambio climático e absorcións netas.

- O cambio climático e os gases de efecto invernadoiro (GEI).
- Principais fontes de emisións de GEI en España e Galicia.
- O sector Uso da Terra, Cambio de Uso da Terra e Silvicultura (LULUCF).
- Absorcións netas rexistradas en Galicia e en España.

Obxectivo: situar ao alumnado no contexto global e afondar nos balances climáticos netos en España e Galicia.

Módulo 2. O mercado regulado de carbono.

- A resposta da Unión Europea: pacto Verde Europeo, lei do clima e paquete "Fit for 55".
- O sistema de comercio de emisións da Unión Europea (EU ETS): funcionamento, sectores incluídos e evolución.
- O Mecanismo de Axuste en Fronteira por Carbono (CBAM).

Obxectivo: afondar no marco obrigatorio europeo.

Módulo 3. Mercados voluntarios de carbono.

Tema 3.1. Iniciativas internacionais e públicas.

- Definición de mercados voluntarios de carbono e diferenzas fronte ao mercado regulado.
- Principais estándares e iniciativas internacionais: Verra, Gold Standard, Peatland Code, entre outros.
- Experiencias públicas en Francia, Reino Unido e Portugal.

Tema 3.2. Iniciativas estatal e autonómicas de mercados voluntarios de carbono.

- Real Decreto 214/2025.
- Iniciativas autonómicas: Asturias, Andalucía e Cataluña.

Obxectivo: analizar o funcionamento dos mercados voluntarios de carbono a distintos niveis territoriais.

Módulo 4. O Regulamento europeo de certificación de absorcións de carbono.

- Estrutura e alcance do Regulamento (UE) 2024/3012.

- Conceptos clave: cuantificación, adicionalidade, permanencia e sustentabilidade.

- Metodoloxías recoñecidas: Absorcións permanentes, carbonocultura e almacenamento de carbono en produtos.

- Empresas certificadoras, auditorías, seguimento e verificación.

Obxectivo: coñecer o marco normativo europeo e o seu impacto nos mercados voluntarios.

Módulo 5. O marco galego.

- Lei 2/2024 de recursos naturais de Galicia.

- Decreto 95/2025. O sistema voluntario galego de créditos de carbono

- Sectores e actividades con capacidade de absorción en Galicia. Primeiras metodoloxías en desenvolvemento.

Obxectivo: coñecer o novo marco normativo galego e afondar nas posibles oportunidades en clave Galicia.

### CRITERIOS DE SELECCIÓN

Personal dos grupos A1 e A2 co segundo orde de selección:

1. Persoal da Axencia Galega da Industria Forestal

2. Persoal técnico da Consellería de Economía e Industria que no desenvolvemento do seu traballo teñan relación cos mercados de carbono.

3. Persoal da Dirección Xeral de Enerxías Renovables e Cambio climático.

4. Resto de persoal da Consellería de Economía e Industria, Medio Ambiente e Cambio Climático e Medio Rural.

Criterios específicos da EGAP, segundo a Resolución do 10 de maio de 2023, pola que se fan públicas as bases e as condicións xerais de participación nas actividades formativas (DOG núm 96, do 23 de maio de 2023).

## 3. DATOS EDICIÓNS

### T01

**LOCALIDADE:** TELEFORMACIÓN

**INICIO / FIN:** 28/09/2026 a 23/10/2026

**NUM. PRAZAS:** 50

**ESTADO:** NORMAL

**DATA EXAME:** 28/10/2026 ás 17:30h

### DOCENTES NOMEADOS

NON HAI INFORMACIÓN DISPOÑIBLE